



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Vixilancia do mercado e etiquetaxe de alimentos

CONVOCATORIA: Convocatoria autonómico 1º semestre

GRUPO: Consellería de Economía e Industria

ÁREA: Consellería de Economía e Industria

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2021 - 08:00h ao 04/03/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Dar a coñecer o Regulamento (UE) 2019/1020 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativo á vixilancia do mercado e a conformidade dos produtos e polo que se modifican a Directiva 2004/42/CE e os Regulamentos (CE) nº 765/2008 e (UE) nº 305/2011, coa finalidade de capacitar ao funcionariado coas canles precisas para a súa aplicación.

O obxectivo deste Regulamento é mellorar o funcionamento do mercado interior mediante o fortalecemento da vixilancia do mercado de produtos aos que se aplica a lexislación de harmonización da Unión, a fin de que só se comercialicen produtos conformes que cumpran os requisitos que proporcionan un elevado nivel de protección de intereses públicos, como a saúde e a seguridade, a protección das persoas consumidoras, do medio ambiente, etc.

Así mesmo, como consecuencia das novidades normativas en materia de etiquetado, profundizarase en dar a coñecer ao funcionariado as obrigas legais relativas aos seguintes alimentos: pan, froitas, vexetais, bebidas espirituosas, conservas e alimentos con calidade diferenciada.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), así como o persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

MÓDULO 1.- Vixilancia do mercado: Regulamento (UE) 2019/1020 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativo á vixilancia do mercado e a conformidade dos produtos e polo que se modifican a Directiva 2004/42/CE e os Regulamentos (CE) nº 765/2008 e (UE) nº 305/2011.

MÓDULO 2.- Regulación e etiquetado de alimentos con calidade diferenciada.

MÓDULO 3.- Regulación e etiquetado do pan, froitas, vexetais, bebidas espirituosas e conservas

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Con carácter preferente o persoal que presta servizos no Instituto Galego do Consumo e da Competencia.
2. Criterios xerais da EGAP segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10/01/2008) os xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO1

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 12/05/2021 a 26/05/2021

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 26/05/2021 ás 13:00h

DOCENTES NOMEADOS

RICARDO RIVAS BARROS

Elva González Vidal

JOSE JAVIER DE MIGUEL GONZALEZ

JOSE IGNACIO VITON ASENJO

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 5: Os días 12, 19 e 26 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: Os días 12, 19 e 26 de maio de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA